

Programa Inicia do concello da Coruña

Este é un programa de difusión do espírito emprendedor entre o alumnado de Ciclos formativos, mediante a titorización/mentorización dos seus proxectos empresariais. Está organizado pola área de Emprego e Empresa.

O alumnado utiliza un software de simulación empresarial para a elaboración de plans empresa que se presentan nunha **Feria de Ideas Empresariais** onde se premiarán as mellores iniciativas emprendedoras a través dos **Premios Formación para Emprender**.

Teremos ao longo do curso 3 sesións de traballo de dúas horas de duración co alumnado de 2º curso de Química Industrial. Este programa foi solicitado polas profesoras de FOL.